

GUÍA DOCENTE DE **COREOGRAFÍA E DANZA I e II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

DISCIPLINA: COREOGRAFÍA E DANZA I-II										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.			2	2					Observacións:	
									2h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

DESCRITOR:	A expresión corporal. Desenvolvemento das capacidades motrices a través da sensibilización e da conciencia corporal. Formas básicas do movemento. Comunicación e aprendizaxe. Improvisación. A danza: historia e repertorio (tradicional, histórica, educativa, doutras culturas). A danza como recurso metodolóxico para a educación musical. Creación de danzas e coreografías na aula.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes á materia Teoría da Educación.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada coa Didáctica da Linguaxe Musical.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 3, 7, 9, 10, 16
COMPETENCIAS XERAIS:	1, 2, 3, 4, 7, 10, 13, 17, 21, 22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	2, 4, 5, 8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Analizar e comprender as distintas manifestacións expresivas do noso ámbito e a nosa cultura.	T1 T9 T16 X4 X10 X13 E6
Desenvolver aspectos básicos intelectuais como a memoria e a comprensión a través da execución de actividades e tarefas expresivas.	T3 X1 X4 X10 X17 X21 E6
Potenciar a condición física e a condición motora do alumno co fin de diminuír o risco de lesións e patoloxías do sistema musculoesquelético, diminuír o efecto da posición ergonómica, optimizar os movementos, diminuír o trac, aumentar a calidade e o tempo de concentración e mellorar a capacidade vital dos pulmóns.	T3 X1 X7 X13 X21 X22 E5 E6
Explorar as posibilidades de relación, expresión e comunicación interpersonal.	T7 T9 T10 X7 X10 E4 E5 E6
Crear e bailar coreografías cooperativas	Todas
Bailar danzas educativas, do mundo, históricas e populares aplicando as dificultades musicais e expresivas que traballa aos distintos niveis de linguaxe musical.	Todas

**4. CONTIDOS.**

Movemento, psicomotricidade e expresión corporal. Elementos. O esquema corporal

Ritmo e danza na escola: xogos rítmicos cantados e danzados. A danza didáctica.

Danza histórica e danzas do mundo. Didáctica.

Coreografía. Didáctica.

Quentamento. Estiramientos. Relaxación.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición teórica	Presencial	Esporádica
Creación de coreografías. Exposición práctica	Presencial	Permanente
Actividades colectivas. Traballo en grupo	Presencial	Permanente
Práctica individual: reflexións, pescuda de información, lecturas de ampliación...	Non presencial	Permanente
Tutorías: Individuais e de grupo	Presencial	Durante o cuadrimestre
<u>Actividades de avaliación</u>	Presencial	O final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

Haberá dous tipos de avaliación: a ordinaria e a extraordinaria. A ordinaria terá en conta a asistencia dos alumnos ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno perdera a avaliación continua por faltas de asistencia (serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro (Cor. e Dan. I) e no mes de maio (Cor e Dan. II)

A avaliación extraordinaria se contempla para os alumnos que no aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo.

O alumno terá un total de catro convocatorias para superar a disciplina. Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.